

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES PEDRAS RUBIAS

CURSO: 4º DE E.S.O.

**MATERIA: MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS
ACADÉMICAS**

DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES:

MACB2.1.1. Recoñece os tipos de números reais (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indicando o criterio seguido, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa.

MACB2.1.2. Aplica propiedades características dos números ao utilízalos en contextos de resolución de problemas.

MACB2.2.1. Opera con eficacia empregando algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada.

MACB2.2.3. Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados.

MACB2.2.5. Calcula logaritmos sinxelos a partir da súa definición ou mediante a aplicación das súas propiedades, e resolve problemas sinxelos.

MACB2.2.6. Compara, ordena, clasifica e representa distintos tipos de números sobre a recta numérica utilizando diversas escalas.

MACB2.2.7. Resolve problemas que requiran propiedades e conceptos específicos dos números.

MACB2.3.1. Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica.

MACB2.3.2. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao utilizando a regra de Ruffini, ou outro método máis axeitado.

MACB2.3.3. Realiza operacións con polinomios, igualdades notables e fraccións alxébricas sinxelas.

MACB2.3.4. Fai uso da descomposición factorial para a resolución de ecuacións de grao superior a dous.

MACB2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estúdao e resolve, mediante inecuacións, ecuacións ou sistemas, e interpreta os resultados obtidos.

MACB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que poden ser descritas mediante unha relación funcional, e asocia as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.

MACB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica.

MACB4.1.3. Identifica, estima ou calcula parámetros característicos de funcións elementais.

MACB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno a partir do comportamento dunha gráfica ou dos valores dunha táboa.

MACB4.1.5. Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.

MACB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos e exponenciais e logarítmicas.

MACB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.

MACB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes e unidades axeitadas.

MACB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica sinalando os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan utilizando tanto lapis e papel como medios tecnolóxicos.

MACB4.2.4. Relaciona distintas táboas de valores, e as súas gráficas correspondentes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

B2.1. Coñecer os tipos de números e interpretar o significado dalgunhas das súas propiedades máis características (divisibilidade, paridade, infinitude, proximidade, etc.).

B2.2. Utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria e con outras materias do ámbito educativo.

B2.3. Construír e interpretar expresións alxébricas, utilizando con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.

B2.4. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando inecuacións, ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos e de contextos reais.

B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica ou de datos numéricos, ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.

B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais obtendo información sobre o seu comportamento, a evolución e os posibles resultados finais.

1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	Procedementos: Realización de tarefas que repasarán e reforzarán os contidos traballados durante a 1ª e 2ª avaliacións, e que se irán propoñendo regularmente ao alumnado a través da páxina web do centro.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">• Envío e posterior corrección das tarefas escritas.• O alumnado terá tamén a posibilidade de realizar unha autoavaliación mediante plantillas de solucións que se facilitarán a posteriori da entrega das tarefas.
	Criterios de cualificación : As actividades serán valoradas segundo os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none">- entrega completa en tempo e forma: ata o 40% da cualificación;- corrección e adecuación das tarefas realizadas: ata o 60% da cualificación
CUALIFICACIÓN FINAL	A cualificación final do curso calcularase segundo o seguinte procedemento: <ul style="list-style-type: none">• Para o alumnado que teña aprobadas as dúas primeiras avaliacións: media aritmética das cualificacións da 1ª a 2ª avaliación, máis ata 1 punto pola realización e entrega de actividades durante a 3ª avaliación;• Para o alumnado que teña aprobada unha das dúas primeiras avaliacións: media aritmética das cualificacións da 1ª e 2ª avaliacións, substituíndo a cualificación suspensa por un 5 no caso de que o alumnado supere o plan de recuperación de dita avaliación, máis ata 0,5 puntos pola realización e entrega de actividades de reforzo e repaso correspondentes á avaliación aprobada;• Para alumnado coas dúas primeiras avaliacións suspensas: media aritmética das cualificacións da 1ª e 2ª avaliacións, substituíndo cada cualificación suspensa por un 5 no caso de que o alumnado supere o plan de recuperación de cada respectiva avaliación.
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none">• No caso de ser presencial: Proba escrita: 100% da cualificación• No caso de non ser presencial: Entrega de tarefas de repaso de todos os contidos traballados no curso: 100 % da cualificación
ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE	Criterios de avaliación: Para aquel alumnado que teña pendente a materia de Matemáticas dun curso anterior os criterios de avaliación desta serán os recollidos na programación

correspondente ao curso 2018-2019.

Criterios de cualificación:

- Alumnado que realizou o exame correspondente á primeira parte do curso: media aritmética entre a nota dese exame e a nota correspondente ao boletín de actividades da segunda parte do curso;
- Alumnado que non realizou o exame correspondente á primeira parte do curso: media aritmética entre as notas dos dous boletíns de actividades;
- O alumnado que supere a materia correspondente ao curso actual recuperará de xeito automático a materia pendente de cursos anteriores.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

- O alumnado que no mes de febreiro realizou o exame correspondente á primeira parte do curso deberá realizar o boletín correspondente á segunda parte do curso que lle foi entregado en man a comezos do mes de marzo. A presentación e corrección deste boletín realizarase por vía telemática, sendo a opción preferente a realización dunha videoconferencia na que o profesor ou profesora avaliará visual e oralmente a realización satisfactoria das actividades propostas. O profesorado poderá, segundo o seu criterio, solicitar unha segunda comunicación telemática se ao seu xuízo a primeira non foi suficiente para realizar axeitadamente a avaliación ou se o alumnado non amosou en grao suficiente o alcance das competencias do curso.
- O alumnado que non realizou o exame correspondente á primeira parte do curso deberá realizar os boletíns correspondentes ás dúas partes do curso, e que lle serán remitidos preferentemente por vía telemática. A presentación e corrección destes boletíns realizarase por vía telemática, sendo a vía preferente a realización dunha videoconferencia na que o profesor ou profesora avaliará visual e oralmente a realización satisfactoria das actividades propostas. O profesorado poderá, segundo o seu criterio, solicitar unha segunda comunicación telemática se ao seu xuízo a primeira non foi suficiente para realizar axeitadamente a avaliación ou se o alumnado non amosou en grao suficiente o alcance das competencias do curso.

2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

ACTIVIDADES	ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN
	<p>Dirixidas ao alumnado con avaliacións e/ou materias de cursos anteriores suspensas, co fin de que poidan recuperalas.</p> <p>Para o alumnado con materias de cursos anteriores suspensas elaboraranse boletíns específicos de actividades que se entregarán de xeito individual e que traballarán os contidos mínimos do curso a recuperar;</p> <p>Para o alumnado con avaliacións suspensas subiranse regularmente á páxina web do centro actividades para traballar os contidos mínimos de cada unha das dúas avaliacións.</p>
	ACTIVIDADES DE REPASO
	<p>Dirixidas a consolidar as aprendizaxes do 1º e 2º trimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fichas específicas con actividades propostas que se subirán á páxina web do centro; • Actividades do libro de texto; • Actividades interactivas elaboradas en diversas plataformas TIC (Kahoot!, etc.)
	ACTIVIDADES DE REFORZO
	<p>Tarefas dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe .</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades individualizadas: <ul style="list-style-type: none"> ○ Fichas específicas on actividades de reforzo de contidos nos que se observen especiais dificultades; ○ Actividades específicas do libro de texto; ○ Actividades interactivas específicas elaboradas en diversas plataformas TIC (Kahoot!, etc.)
METODOLOXÍA	ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN
	<p>Son as que permiten continuar construíndo coñecementos e afondar neles para superar con facilidade os obxectivos propostos. Estas actividades pódense plantexar cun nivel superior de elaboración ou tamén solicitar que as realicen cun maior grado de autonomía.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballos que combinen a investigación autónoma buscando información en Internet e a aplicación dos contidos estudados no curso. Relacionados principalmente coa aplicación das matemáticas a diversos contextos das ciencias da natureza e das ciencias sociais; • Tarefas que, baseadas nos contidos xa estudados durante o curso, permitan unha primeira aproximación a contidos que estaban previstos na temporalización orixinal da 3ª avaliación e que por motivo das circunstancias excepcionais actuais non poden ser traballados.
	ALUMNADO CON CONECTIVIDADE
	<ul style="list-style-type: none"> ○ Proposta de actividades semanalmente na Web do centro; ○ Corrección individual de actividades por correo electrónico; ○ Autocorrección de actividades por medio de plantillas que se subirán á

	<p>Web durante a semana seguinte;</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Resolución de dúbidas: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Correo electrónico. ▪ Videoconferencia. ▪ Chamada telefónica.
	<p>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • Entrega de tarefas en man vía Protección Civil.
	<p><u>RECURSOS:</u></p> <p>Libro de texto Apuntamentos de clase Textos a descargar da páxina web do centro Enderezos web Correo electrónico Plataforma Webex Abalarmóbil Plataformas TIC (Kahoot!, etc.)</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto

3. Información e publicidade

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none">• Abalarmóbil• Correo electrónico• Web do centro
PUBLICIDADE	<ul style="list-style-type: none">• Publicación obrigatoria na páxina web do centro.• Aviso de publicación por Abalarmóbil